



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE SOCIEDADES
GALLEGAS DE CUBA PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE
PARTICIPACIÓN PROMOVIDAS POLA SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Federación de Sociedades Gallegas de Cuba o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de agosto de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para articular o financiamento dos gastos da posta en marcha das diversas actividades de participación promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración na Habana (Cuba), en especial a celebración do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas, que terá lugar os días 27 e 28 de maio do presente ano, na sede do antigo Palacio do Centro Gallego de La Habana.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, desenvolve o





Título V –Do Consello de Comunidades Galegas- da Lei 7/2013, da Galeguidade, que crea este consello como órgano colexiado de representación e participación das comunidades galegas asentadas fora de Galicia.

Transcorridos tres anos dende a celebración do último Pleno do Consello, procédese a convocatoria e celebración da sesión ordinario do mesmo. Tendo en conta, por unha parte as históricas vinculacións que Cuba ten para Galicia na diáspora dos seus emigrantes, a o desenvolvemento da súa propia historia, as numerosas comunidades galegas que se radican nesta nación, a recente celebración do centenario da inauguración do Palacio do Centro Galego de la Habana, e por outra, atendendo á solicitude unánime dos membros da Comisión Delegada do consello representantes das diferentes comunidades galegas de todas as áreas xeográficas, o presidente do Consello de Comunidades Galegas, acordou convocar e celebrar a vindeira sesión do Pleno do Consello de Comunidades Galegas na cidade de La Habana, Cuba, os días 27 e 28 de maio do presente ano.

Os participantes do Pleno do Consello conforman un colectivo de 150 persoas, presidido polo presidente da Xunta de Galicia, e está composto polos representantes das 110 Comunidades Galegas asentadas no exterior, membros dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, representantes do Sistema Universitario de Galicia, do Consello da Cultura Galega e da Real Academia Galega, e outros persoeiros vinculados á emigración, invitados ao efecto polo presidente do Consello.

Corresponde á Secretaría Xeral da Emigración a responsabilidade da organización do mencionado Pleno. A estes efectos, tendo en conta a complexidade para organizar tal evento, aumentada pola distancia e os diferentes condicionamentos que se presentan por organizarse no estranxeiro, resulta necesario contar cunha entidade colaboradora con sede no país e cidade de celebración para axudar nos traballos propios de loxística e apoio á organización, moitos deles de execución previa ao propio Consello.

A Federación de Sociedades Gallegas de Cuba é unha entidade que agrupa á totalidade das máis de corenta entidades e comunidades galegas constituídas en Cuba, estas entidades son o referente dos máis de 36.000 galegos que residen neste país. Ten a súa





sede social no propio Palacio do Centro Gallego de La Habana, lugar de celebración da sesión do pleno, no Paseo de Martí, 458 – (San Rafael e San Xosé). Por outra parte, esta entidade colabora tradicionalmente no desenvolvemento en Cuba, dos programas - principalmente de carácter social- que a Secretaría Xeral da Emigración promove.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 5 de abril de 2016.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

Basquiños, 2
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296
<http://emigracion.xunta.es>

